



CEIP PARADAI PLAN DIXITAL

xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CENTRO

DATOS DO CENTRO

Tipo de centro: Público

Denominación oficial: C.E.I.P. Paradai

Enderezo: Rúa Alexandre Bóveda s/n

Provincia: Lugo

C.P: 27003

Tfno.: 982 87 04 29 Fax: 982 87 04 36

Correo electrónico: ceip.paradai@edu.xunta.es

Web: <https://clasescreativas.wordpress.com/>

Código do centro: 27014793

NIF: Q-7755316-B

Nº DE UNIDADES

	E. Infantil	E. Primaria
Creadas	5	11
Funcionando	5	11

NÚMERO DE ALUMNOS /AS

A matrícula que existe neste momento son 312, aínda que este número varía ao longo do curso por estar escolarizándose constantemente alumnado de incorporación tardía derivados pola comisión de escolarización. A distribución por cursos do alumnado é a seguinte:

ETAPA	CURSO		TOTAL			
	INFANTIL	4º Infantil	A	21	22	90
5º Infantil		A	17	35		
		B	18			

	6º Infantil	A	17	33	
		B	16		
PRIMARIA	1º Primaria	A	21	21	222
	2º Primaria	A	23	46	
		B	23		
	3º Primaria	A	16	34	
		B	18		
	4º Primaria	A	19	38	
		B	19		
	5º Primaria	A	17	34	
		B	17		
	6º Primaria	A	24	49	
		B	25		

Estes números adoitan a cambiar debido a chegada e partida sobre todo de alumnos/as do extranxeiro, dende o 10 de setembro ao 1 de xuño de 2022 matriculáronse, fóra de prazo, 35 alumnos.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Paradai está situado nunha zona periférica do núcleo urbano de Lugo, moi próximo a un dos maiores barrios da cidade, representativo do desenvolvemento dos anos 50/60. É de destacar

que o contorno socio-económico da zona é baixo, sendo o distrito tradicional de asentamento dos inmigrantes en Lugo.

Unha gran porcentaxe do alumnado pertencen a diversas nacionalidades: Arxelia, Bolivia, Brasil, Centro África, Colombia, Cuba, Ghana, Marrocos, Nixeria, Pakistán, Portugal, República Dominicana, Rumanía, Santo Domingo, Ucraína e Venezuela.

As familias pertencen ao sector terciario e unha grande parte das familias atópanse en situación de risco e exclusión social, teñen como únicos ingresos as axudas da Risga, ingreso mínimo vital, tarxeta monedeiro da cruz vermella...

Este centro educativo participa dende o curso 2020-21 no programa digi-craft e dende o 2021-2022 en E-dixgal.

O Plan dixital contribuirá na Programación Xeral Anual na implementación das actividades na aula, na formación do profesorado e na organización do centro.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Os acontecementos vividos a nivel mundial debidos a crisis sanitaria da COVID -19 aceleraron a integración das tecnoloxías dixitais na comunidade educativa. Este feito obliganos a desenvolver novas competencias en tódolos ámbitos para poder funcionar de xeito operativo en entornos dixitais.

Con dita finalidade, dende a Xunta, invítasenos a elaborar o Plan Dixital. Para iso pónse a nosa disposición unha serie de ferramentas (SELFIE, DAFO, CDD) para facer unha autoreflexión sobre a situación do noso centro e do noso profesorado. Trátase entón dunha ferramenta que nos vai a axudar a aproveitar os recursos e posibilidades dispoñibles, para mellorar o uso dos medios dixitais no noso día a día, e dese xeito favorecer a actualización da educación ás novas demandas sociais.

O Plan Dixital é, por tanto, unha ferramenta que formará parte do Proxecto educativo e da PXA, para guiar e dar coherencia o uso das diferentes tecnoloxías.

A súa importancia aparece reflexada nunha serie de documentos:

A nivel europeo cabe mencionar o Marco Europeo para Organizacións Educativas Digitalmente Competentes.

A nivel nacional, Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, adicase un artigo, (artículo 111 bis) a falar da necesidade e a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación, máis concretamente di:

“5. Las Administraciones educativas y los equipos directivos de los centros promoverán el uso de las tecnologías de la información y la comunicación (TIC) en el aula como medio didáctico apropiado y valioso para llevar a cabo las tareas de enseñanza y aprendizaje.”

En Galicia podemos falar da RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, na disposición adicional quinta di:

“Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.”

Nesta mesma cuestión volvese a incidir na RESOLUCIÓN do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/22:

“Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten”

E, finalmente, desenvólvese a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, na que se especifican os pasos para a elaboración e implementación do Plan Dixital

1.4. Proceso de elaboración

O equipo responsable da elaboración do PD está formado por un total de cinco persoas pertencentes ao equipo docente do centro.

Para a organización do traballo establecéronse reunións semanais ou quincenais en función das tarefas encomendadas dende o equipo de Adix asignado; asimesmo, participamos en tódalas videoconferencias formativas e informativas establecidas.

Para o desenvolvemento das tarefas informouse puntualmente á totalidade do claustro, xa que moitas delas requirían da súa participación activa e directa (vexase cuestionario SELFIE, test CDD).

No resto das tarefas, solicitouse igualmente a colaboración de tódolos membros do claustro, mediante as achegas que cadaquén considerase pertinentes.

Para todas elas cumpríronse os prazos e as peticións establecidas dende o equipo de asesores asignado.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:

conectividade: rede wifi instalada no centro no presente curso 2021-2022

Infraestruturas de Equipamento dispoñible:

- Edificio principal:

- Aula nº1, Dirección: 1 ordenador de mesa, 1 impresora.
- Aula nº2, xefatura de estudos: 1 ordenador de mesa.
- Aula nº3: secretaría: 1 ordenador de mesa, 1 impresora, fotocopiadora equipo directivo.
- Aula nº 4, 4ºEI: 1 portátil, 1 pantalla dixital.
- Aula nº5, sala profesorado: 2 ordenadores de mesa, 1 fotocopiadora.
- Aula nº5 B, UACO: 1 portátil, 1 impresora.
- Aula nº 10, música: 1 portátil, 1 pantalla dixital.
- Aula nº 11, aula de informática: 26 ordenadores de mesa, 1 pantalla dixital.
- Aula nº 12, biblioteca: 2 ordenador de mesa, 1 portátil, 1 impresora, 3 ordenadores de mesa obsoletos para el uso del alumno, 1 cañón.
- Aula nº 13, sala multiusos: 1 portátil, 12 ordenadores digicraft, 1 cañón.
- Aula nº 14, relixión católica: 1ordenador de mesa, 1 pantalla dixital.
- Aula nº 15, 1ºA: 1 portátil, 1 pantalla dixital.
- Aula nº 16, 2ºB: 1 portátil, 1 pantalla dixital.
- Aula nº 17, 2ºA: 1 portátil, 1 pantalla dixital.
- Aula nº 18, relixión evanxélica: 1 ordenador de mesa.
- Aula nº 19, departamento de orientación: 1 ordenador de mesa, 1 impresora.
- Aula nº 20, 6ºB: 1 portátil, 1 pantalla dixital.
- Aula nº 21, 6ºA: 1 portátil, 1 pantalla dixital.
- Aula nº 22 A, audición e linguaxe: 1 portátil, 1 pantalla dixital.
- Aula nº 22B, adquisición de linguas: 1 portátil.
- Aula nº 23, 5ºA: 1 portátil, 1 pantalla dixital.
- Aula nº 24, 5ºB: 1 portátil, 1 pantalla dixital.
- Aula nº 25, 3ºB: 1 portátil, 1 pantalla dixital.

- Aula nº 26, 3ªA: 1 portátil, 1 pantalla dixital.
 - Aula nº 27A, pedagogía terapéutica: 1 portátil.
 - Aula nº 27B, pedagogía terapéutica: 1 portátil, 1 pantalla dixital.
 - Aula nº 28, 4ªA: 1 portátil, 1 pantalla dixital.
 - Aula nº 29, 4ªB: 1 portátil, 1 pantalla dixital
- Edificio infantil:
 - Aula nº1: 1 portátil, 1 pantalla dixital
 - Aula nº2: 1 portátil, 1 pantalla dixital
 - Aula nº3: 1 portátil, 1 pantalla dixital
 - Aula nº4: 1 portátil, 1 pantalla dixital

dotacións para proxectos específicos: digicraft (12 ordenadores)

- Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente:
 - páxina web do centro
 - aula virtual
 - Abalarmóbil
 - E-Dixgal
 - espazoAbalar
 - google drive
- Xestión do mantemento do equipamento do centro
 - coordinadora TIC
 - Empresa externa de mantemento que acude quincenalmente.
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:
 - [Plan de continxencia](#) | [CEIP Paradai \(xunta.gal\)](#)

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

SELFIE: Presentamos o resumo das áreas do informe SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3,5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	4,2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado					

E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,5				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3				
	Alumnado	3,8				

Test CDD: resultados do Test CDD de centro.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>15</u>	<u>22</u>	<u>68,2%</u>
PROVISIONAL	<u>5</u>	<u>5</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>50%</u>
SUBSTITUTO	<u>4</u>	<u>6</u>	<u>66,7%</u>
OUTRAS	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
71,7	<u>INTEGRADOR (B1)</u>	76,4	<u>INTEGRADOR (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>70,4</u>	<u>INTEGRADOR (B1)</u>	66,2	<u>INTEGRADOR (B1)</u>
PRI	<u>67,2</u>	<u>INTEGRADOR (B1)</u>	77,3	<u>INTEGRADOR (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>9</u>	<u>33,3%</u>
B1	<u>15</u>	<u>55,6%</u>
B2	<u>3</u>	<u>11,1%</u>
C1		
C2		
TOTAL	<u>27</u>	<u>100%</u>

Asemade tamén tiveronse en conta as aportacións dos membros do claustro.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CAT EG ORÍ AS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1.Aula virtual á que ten acceso todo o alumnado. 2.Todas as aulas están equipadas cun ordenador de mesa e pizarra dixital con acceso á rede. 3.Tabletas en todas as aulas de Educación Infantil 4.Wifi en todo o centro 5.Aula de informática (con 25 ordenadores de mesa, 2 ordenadores portátiles e unha pizarra dixital). 6. Aula de usos múltiples 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Acceso do alumnado a dispositivos dixitais (tabletas, ordenadores, internet...) reducido. (c) 2.Equipos informáticos insuficientes ©
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1.Equipo TIC 2.Experiencia no uso dos Entornos Virtuais de Aprendizaxe (A- E) 3.Difusión en la redes sociais: Instagram 4.Profesorado activo na sua formación 5.Usos activos das NNTT para a comunicación e a preparación das clases (E) 6.Implicación do profesorado 7.Disposición do profesorado á innovación das prácticas de E/A (E) 8.Usos de recursos educativos dixitais (E) 9.Páxina web actualizada 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Formación do profesorado no ámbito dixital limitada. 2.Pouca reflexión sobre a práctica profesional e colectiva no vencellado ó emprego das tecnoloxías dixitais. (B-G) 3.Pouco material dixital deseñado polo propio profesorado para a ensinanza.(E-H) 4.Falta de tempo para elaborar e implementar tarefas dixitais. A carga lectiva limita a experimentación coas novas tecnoloxías (A) 5.Competencia dixital insuficiente 6.Aplicar as NNTT na practica avaliadora (G) 7. Implementación das NNTT na aula (F)
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		<ol style="list-style-type: none"> 1.Alumnado con competencias dixitais insuficientes. (H) 2.Implicación do alumnado (F) 3.Aprender a codificar e solventar problemas técnicos (H)
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1.Experiencia no uso dos Entornos Virtuais de Aprendizaxe (A) 2.Usos do Espazo Abalar 	
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> 1.Programa DigiCraft 	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1.Espazo Abalar 2.Ampliación de EDIXGAL ó sexto curso para o ano. 3.O centro escolar podería adaptarse a un cambio nas liñas de traballo no que atinxe ó fomento da competencia dixital. 4.Proxecto Edixgal en 5º EP 5.Apoio do equipo directivo para a innovación (A) 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Carencia de proxectos interdisciplinares(F) 2.Ausencia dunha estratexia dixital e de apoio as dificultades coas que se atopa o profesorado (A) 3.Colaboración con outros centros para fomentar o uso das tecnoloxías dixitais (B) 	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CAT EG ORÍ AS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1.Posibilidade de participación en programas de dotación de material dixital e de axudas para ampliar os recursos tecnolóxicos do alumnado. 2.Educadigital 3.Oferta de programas y formación para o profesorado 4.Formación online 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Financiación
	LEXISLACIÓN		<ol style="list-style-type: none"> 1.Normativa que esixe o cumprimento de moita formación teórica, o que dificulta o fomento da competencia dixital. 2.Excesiva lexislación e continuos cambios 3.A protección de datos 4.Burocracia e papeleo
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> 1.O alumnado ten unha actitude moi positiva cara as tecnoloxías dixitais (H) 2.Equipamento do entorno: biblioteca, parque 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Baixa competencia dixital das familias (PP) 2.Acesso limitado dos alumnos e alumnas a dispositivos dixitais e a internet (PP) 3.Dificultades de comunicación coas familias polo idioma 4.Falta de competencia dixital do alumnado(H) 5.Pouca participación das familias
	ANPA		<ol style="list-style-type: none"> 1. Non hai ANPA no centro
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> 1.Posibilidade de participación en programas de dotación de material dixital e de axudas para ampliar os recursos 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Faios nos dispositivos tecnolóxicos prestados e/ou programas que poden tardar un tempo en solventarse. (H)

		tecnolóxicos do alumnado. 2.Comunicación coas asociacións que colaboran co alumnado vulnerable: Juan Soñador, Asociación xitana..)	
--	--	---	--

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Partindo das fortalezas e oportunidades, así como das ameazas e debilidades detectadas na elaboración do noso DAFO, establecemos os obxectivos que nos van permitir ir aproximándonos, pouco a pouco, a acadar unha maior competencia dixital de tódolos membros da nosa comunidade educativa, para iso decidimos centrarnos en sentar as bases para dita competencia: a formación, as infraestruturas, o tempo, e a aplicación na aula.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

ÁREA/S DE MELLORA	A - Liderado					
OBXECTIVO 1	Dispoñer de tempo durante a xornada lectiva para mellorar o método de ensinanza con tecnoloxías dixitais. (A4OP)			Acadado		
				Non acadado		
Responsable	Equipo Directivo e Coordinadora TIC.					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de horas durante a xornada lectiva para desenvolver tarefas dixitais. Instrumento: PXA					
Valor de partida	0 horas durante a xornada lectiva para o desenvolvemento dixital					
Valor previsto	1 hora durante a xornada lectiva para o desenvolvemento dixital	Data Prevista	Setembro 2022			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Reorganizar horarios para facilitar o traballo conxunto.	Equipo directivo	Setembro 2022	Materiais: Dispositivos tecnolóxicos Humanos: Equipo directivo e Coordinadora Tic Espaciais: Sala multiusos, aula de informática e sala de profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear grupos de traballo	Equipo directivo	Setembro 2022	Humanos: Equipo directivo e claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

ÁREA/S DE MELLORA	D - Desenvolvemento profesional continuo					
OBXECTIVO 2	Enriquecer a formación dixital do profesorado enfocada ao desenvolvemento da súa práctica. (D2)			Acadado		
Responsable	Equipo Directivo, Coordinadora TIC, Coordinadora formación de centro					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe profesorado cunha formación dixital que promova o desenvolvemento na práctica docente Instrumento: memoria Pfpp					
Valor de partida	Non aplica					
Valor previsto	25% do profesorado dispón dunha formación dixital suficiente para o desenvolvemento da práctica docente		Data Prevista	Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Empregar unha plataforma en liña como Agueiro ou outras similares para a creación dunha comunidade educativa virtual propia do centro.	Claustro e Coordinadora TIC.	3º trimestre	Materiais: ordenadores e tabletas. Humanos: profesorado do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Solicitar un PFPP para crear recurso propios (por ex: @ABECEART , @trazos_class) ó CFR e levalo cabo.	Coordinadora de Formación	3º trimestre	Materiais: ordenadores e tabletas. Humanos: profesorado do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

ÁREA/S DE MELLORA	C - Infraestrutura e equipamento					
OBXECTIVO 3	Crear espazos específicos para desenvolver actividades audiovisuais e tecnolóxicas			Acadado		
				Non acadado		
Responsable	Equipo directivo, coordinador TIC, Coordinador Plan dixital					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de espazos dixitais Instrumento: memoria anual					
Valor de partida	1 espazo dixital					
Valor previsto	3 espazos dixitais		Data Prevista	Nadal 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Solicitar Polos Creativos	Equipo directivo, Claustro, Consello escolar	xuño- 1º trimestre	Materiais: equipamento tecnolóxico Humanos:		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Habilitar aula de usos múltiples para crear un plató audiovisual (programa polos creativos)	Equipo directivo Profesorado e Coordinadora TIC	1º trimestre	Materiais: equipamento tecnolóxico Humanos: profesorado e coordinadora TIC Espaciais: aula de usos múltiples		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO3.2: Crear un recuncho dixital en educación infantil	Equipo directivo Profesorado e Coordinadora TIC	1º trimestre	Materiais: equipamento tecnolóxico. Humanos: profesorado e coordinadora TIC. Espaciais: aulas de infantil	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

ÁREA/S DE MELLORA	F - Pedagogía: Implementación en aula				
OBXECTIVO 4	Aumentar o emprego das Tecnoloxías das relacións, información e comunicación (TRIC) nos procesos de ensinanza aprendizaxe (F6)			Acadado	
				Non acadado	
Responsable	Profesorado				
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesorado que emprega as TIC nos procesos de ensinanza aprendizaxe Instrumento: enquisa				
Valor de partida	3% do profesorado realiza un emprego xeneralizado das TIC nos procesos de ensinanza aprendizaxe				
Valor previsto	15% do profesorado realiza un emprego xeneralizado das TIC nos procesos de ensinanza aprendizaxe	Data Prevista	Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO4.1: Establecer horarios na xornada lectiva para o uso da aula de informática	Profesorado e Coordinadora TIC	3º trimestre	Materiais: equipamento tecnolóxico Humanos: profesorado e coordinadora TIC	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

			Espaciais: aula de informática			
A04.2: Incrementar o uso das TIC na aula ordinaria a través de recursos de apoio para os contidos das materias	Profesorado e Coordinadora TIC	3º trimestre	Materiais: equipamento tecnolóxico Humanos: profesorado Espaciais: aulas ordinarias			
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

■ Edificio principal:

- Aula nº1, Dirección: ordenador obsoleto
- Aula nº2, xefatura de estudos: ordenador obsoleto, moi lento, impresora funciona mal.

- Aula nº3: secretaría: ordenador obsoleto
- Aula nº 4, 4ºEI: O equipo pizarra dixital-cañón: teñen pouca cor, non existe movemento de arrastre, co que se dificulta a realización de actividades e xogos. Ao escribir o alumnado fan sombra. Non é posible calibraras correctamente, polo que non son precisas.

Por outra parte sería convinte habilitar un rincón dixital con tomas de electricidade.

- Aula nº 5, sala profesorado: 1 ou 2 ordenadores, o número actual deles non é suficiente, moitas veces non se pode traballar por estar todos ocupados.

É necesaria unha fotocopiadora para imprimir a cor.

- Aula nº5 B, UACO: precisa conectividade wifi, neste momento non a ten.

- Aula nº 10, música: equipo de son: precisase que haxa suficiente potencia de son como para impoñerse ao son ambiente que poida haber nunha clase na que diversos grupos estén traballando.

Un panel dixital par poder visualizar e traballar cos contidos

- Aula nº 11, aula de informática: é preciso un panel dixital.

- Aula nº 12, biblioteca: O ordenador vai lento e o lector de códigos non funciona. 4 ordenadores para la biblioteca para busca do alumnado e para os traballos

- Aula nº 13, sala multiusos: un panel dixital para poder facer as presentacións. 25 tablets para uso nas aulas (recursos dixitais como os kahoots que fan as titoras, vídeos, presentacións, carreiras de QR...)

- Aula nº 14, relixión católica: ordenador lento

- Aula nº 15, 1ºA: o ordenador vai lento

- Aula nº 16, 2ºB: ao ordenador se lle desconfigura o son.

Ao apagar o ordenador hai que volver a seleccionar. A pantallaponse verde debido a un cable que se afloxa .

- Aula nº 17, 2ºA: O boofer da pizarra dixital fai ruído cando se acende.

- Aula nº 18, relixión evanxélica: ordenador lento; precisa dun monitor panorámico e dun panel dixital, para presentar os vídeos e contidos ao alumnado

- Aula nº 19, departamento de orientación: a impresora non funciona ben.

- Aula nº 20, 6ºB: O carro de ordenadores que non se utiliza por deterioro, rotura, lentitude no funcionamento e inviabilidade de traballo real debido ao tamaño dos mesmos. Conta cun portátil moi lento, altavoces, proxector e pantalla. Pouco eficaz o sistema de fotocopiadora conectada á Sala de Profesores; deberíase simplificar o proceso para facilitar o traballo de todo o claustro.

Excesivamente lento o funcionamento de Internet na aula e en xeral no Centro, quedando moitas veces sen conexión. Tendo en conta que para o vindeiro curso será Aula E-Dixgal , urxe solventar estes problemas de forma definitiva.

En canto ao número de ordenadores a disposición do profesorado –sen contar co de Aula - , resulta insuficiente cos 2 da Sala , cómpre aumentalo.

Deberíase axilizar o proceso para fotocopiar desde os ordenadores da Sala de Profesores e profesoras , optimizando o tempo empregado a tal fin e contar con outro lugar para facelas .

- Aula nº 21, 6ºA: O carro dos ordenadores non carga adecuadamente.

Os ordenadores abalar, os que funcionan, van moi lentos, polo que, non se utilizan coa frecuencia adecuada porque se perde moito tempo.

O portátil do profesorado é lento, e está conectado coa impresora de secretaría e tarda bastante en imprimir ao mandar dende a aula.

A pantalla que se calibraba facilmente agora non se dá calibrado.

Ao poñer audicións hai que parar e pechar porque se non séguese repetindo.

O cable do son fai moito ruído.

- Aula nº 22 A, audición e linguaxe: precisa unha tablet e un panel dixital para poder presentar os diversos contidos de xeito moi visual e moi interactivo dado o tipo de alumando que atende

- Aula nº 22B, adquisición de linguas: precisa unha tablet e un panel dixital para poder presentar os diversos contidos de xeito moi visual e moi interactivo dado o tipo de alumando que atende

- Aula nº 23, 5ºA: Calidade do son na aula insuficiente, escoitase moi baixo có volume no máximo, sería preciso instalar uns altavoces na PDI.

O portátil do mestre é moi antigo, tarda moito en cargar as páxinas ou non as carga, perde a conexión a Internet constantemente, bloquéase frecuentemente.

- Aula nº 24, 5ºB: Ordenador moi lento. Cólgase continuamente e tarda moito en cargar os contidos de EVA E-dixgal. Ademais, o cable do son fai moito ruído e distorsiona.

Pantalla dixital que hai que estar calibrando cada pouco, desconfigúrase, sóltase o cable que a enlaza co ordenador de forma continuada. Ás veces, non funciona correctamente a conexión Wifi, o que fai imposible de traballar cos ordenadores persoais do alumnado e co da aula de forma axeitada.

Unha clase e-dixgal, como é o caso desta, debería estar dorada de mellor tecnoloxía para o bo desenvolvemento do programa.

- Aula nº 25, 3ºB: o proxector e a pantalla dixital non funcionan ben.

- Aula nº 26, 3ºA: o ordenador mollouse coas últimas chuvias, xa que anegouse a aula e está estropeado.

- Aula nº 27A, pedagogía terapeutica: precisa unha tablet e un panel dixital para poder presentar os diversos contidos de xeito moi visual e moi intercativo dado o tipo de alumando que atende. cableado ethernet

- Aula nº 27B, pedagogía terapeutica: precisa unha tablet e un panel dixital para poder presentar os diversos contidos de xeito moi visual e moi intercativo dado o tipo de alumando que atende

- Aula nº 28, 4ºA: pizarra dixital obsoleta, non funcionan os drivers.

- Aula nº 29, 4ºB: o ordenador cada vez que fai unha actualización, ao día seguinte non arranca e ten que arranxalo o informático.

- 2ª planta: unha segunda fotocopiadora

Edificio infantil:

- Aula nº1: A pantalla non é precisa. Dificultade ó traballar na pantalla porque fai sombra o corpo do alumno. Non ten movemento de arrastre e non se pode calibrar ben

- Aula nº2: A pantalla non é precisa. Dificultade ó traballar na pantalla porque fai sombra o corpo do alumno. Non ten movemento de arrastre e non se pode calibrar ben. Non se pode usar un segundo ordenador por non ter unha localización axeitada dos enchufes e rede internet. Sería necesario facer unha nova roza para acomodar un recuncho dixital.

- Aula nº3: Precisamos un recuncho dixital. Non se pode usar un segundo ordenador. A pizarra dixital presenta problemas de arrastre e de calibración.

- Aula nº4: Problemas coa lámpara do retroproector, non funciona correctamente, polo que as cores non se distinguen. As imaxes na pantalla vense difuminadas. Na pantalla cando se traballa fai sombra o que dificulta o seu uso dunha maneira correcta. Ás veces a pantalla presenta problemas de movemento de arrastre. Falta na aula unha zona para poder facer un rincón de plan dixital.

4. Avaliación do plan

O seguimento deste plan dixital poderá realizarse en función de algúns indicadores relacionados ao desenvolvemento do proceso. A avaliación do cumprimento dos obxectivos deste plan e, do desenvolvemento das distintas actuacións, realizarase a partir das valoracións do claustro de profesorado, especialmente do que participe no proceso, e do resto da Comunidade Educativa. Recollerase na memoria final do centro unha análise da idoneidade do Plan dixital e de novas achegas, así como propostas de mellora

De forma global, ao termo do curso escolar, na memoria final de curso, realizarase unha valoración por parte dos profesionais implicados, en canto a: consecución dos obxectivos propostos participación e coordinación da comunidade educativa (profesorado, familias, persoal non docente, outros profesionais) as actividades realizadas, aproveitamento dos recursos materiais e organizativos de centro aplicación da medidas de atención á diversidade e propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Aprobación e publicidade	
a. Aprobación	Dito documento apróbase en sesión de Claustro ordinario o día 29 de xuño de 2022.
b. Publicidade	Co fin de garantir a difusión deste plan, este documento farase público na páxina web do centro e a través da mensaxería Abalar Móbil.